A revolución Irmandiña en Naraío segundo: "***Narahío, un castelo medieval***" . Escrito por Manuela Piñeiro Pita e Alberto Veiga Álvarez. Publicación da AAVV "O castelo de Narahío". Ano 2000

5.3.1. A Revolución Irmandiña (1466-1469)

A mediados do século XV, Galicia vivía nun estado permanente de inseguridade. Producíuse un grande incremento do bandidismo, parte do cal estaba amparado polos señores feudais [51], e entre eles un dos que o favorecia era Fernán Pérez de Andrade. Os nobres daban acobillo nas súas fortalezas e casas fortes a malfeitores que se adicaban a cometer todo tipo de atropelos. Se ben é certo, que non tódolos actos de bandidaxe proviñan dos señores, non é menos certo que éstes amparábanse nel para obter máis riquezas e cobrar máis impostos. Das súas fortalezas partían os bandidos a rouba-los bois e as vacas dos campesiños, a viola-las mulleres, a secuestrar xente para cobrar rescates e impostos que estaban en desuso, a matar campesiños inocentes cando estaban traballando ou facerlles emboscadas cando ían para as leiras ou cando volvían despois dun longo día de traballo.

A situación de inseguridade era moi similar nas cidades onde, debido ó descenso da poboación, os nobres esixían impostos en desuso e prendían arbitrariamente á xente.

Unha das pezas claves nesa represión e abuso era o Castelo de Narahío, onde o Andrade prendía á xente que se negaba a pagar os impostos que él esixía, cando xa estaban en desuso, ou secuestraba para que as familias pagasen un rescate. Todo isto era innecesario xa que como vimos, Fernán Pérez de Andrade, era un home moi poderoso e con moitas rendas. Pero a súa cobiza non tiña límites.

Esta inseguridade era común en toda Galicia. A situación era tan extrema que os campesiños de Betanzos non se atrevían a ir sós a cultiva-las súas leiras e ían en grupos númerosos. As súas protestas cada vez eran maiores, chegando incluso a oídos do rei, que ante tal situación permitiu a constitución das Irmandades para que campe-

Besteiros e espingardeiros

[51] O labrador Alfonso Cao, que vivía na feligresía de Sta. María de Fisteus, na súa declaración recollida no Pleito Tabera – Fonseca di: "*...dize este dicho testigo que vido quellos se posieran contra los caballeros y señores del dicho Reino porque traian a su conpañia e casas ladrones e malfechores e robadores e personas de malbibir que dezian robaban e forçaban las gentes e las pringaban porquel testigo bio que pingaron a un onbre e a una muger en la aldea de Corno de Boi que hes en el camino real (...) e que los dichos malfechores que azian los dichos males se acogian en reçeptaban en las fortalezas de los dichos caballeros y en sus casa y que los honbres no heran señores de ses aziendas ni osaban salir de sus casa e que se yban a dormir a las iglesias de miedo...*". RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños" II.

A modo indicativo podemos, tamén, citar a declaración do labrego Rodrigo Ares, cuias afirmacións reflectimos na nota 52.

siños e burgueses das cidades se poideran defender destes atropelos. Pero a súa misión era imposible, xa que, cando algún foraxido, era descuberto en flagrante delito, fuxía e acudía a refuxiarse nas fortalezas dos seus señores e os seus delitos quedaban impunes.

No medio desta situación tan tensa ocorreu un feito que ía levar a que os compoñentes das Irmandades poidesen tomarse cumprida xustiza de tódalas maldades que os nobres andaban a realizar impunemente.

A principios do ano 1.465, o rei Enrique IV vai ver ameazado o seu trono. Os nobres casteláns uniranse para quitarlle a coroa e poñer no seu sitio a Don Alfonso que era medio irmán seu. Cando esta loita chega a Galicia, os nobres galegos non dubidan en poñerse, na súa maioría, do lado do aspirante. Iníciase unha guerra para dilucidar quen será o monarca.

Esta situación fai que o rei, vendo o enorme poderío dos señores galegos, decida apoiar ós irmandiños na súa xusta reclamación para debilitar a posición do seu contrincante. Así, según algunhas testemuñas, parece que o rei autoriza o levantamento irmandiño para se defenderen das arbitrariedares dos poderosos nobres[52]. Esta autorización, ou, según outras testemuñas, mandato real, leva a que o pobo se levante en armas para prender ós malfeitores e aplica-la xustiza correspondente.

O levantamento irmandiño é dirixido na zona de Ferrol e Pontedeume (Narahío incluído) por un fidalgo chamado Alonso de Lanzós, inimigo acérrimo dos Andrade. En moi pouco tempo toma tódalas posesións desta casa feudal. Fernán Pérez de Andrade ten que fuxir e vai a refuxiarse a Castela. O seu fillo, Diego de Andrade, é prendido pola condesa de Santa Marta cando marchaba cara Castela[53].

A rapidez con que tódolos territorios dos Andrade caeron en mans dos sublevados podería explicarse polos enfrontamentos que dende sempre viña tendo esta casa

[52] No Pleito Tabera – Fonseca, o labrador Rodrigo Ares que vivía na feligresía de Sta. María de Vilachán afirma o seguinte: "... *oio entonces dezir por publico que derrocaran (...) a Nario que heran del dicho Diego d'Andrade y este testigo pues las vido derrocadas y tanbien oio dezir que derrocaran de la misma manera las otras hermandades del Reino e las otras fortalezas del dicho Reino que en el abia e dize este dicho testigo que al dicho tienpo bido que todo el común y gente de la dicha hermandad que el testigo bio, dezian que todo aquello que fazian hera por mandado del rey y por su servicio y en su nombre lo facian lo que hacian como quiera queste testigo no vido la carta ni mandado del Rey mas de quanto les oia dezir que la tenian e que al dicho tiempo dezian que derrocaban la dichas fortalezas porque en ellas hazian males los peones y gentes que en ellas hestaban e dize este dicho testigo que los dichos alcaldes y cuadrilleros de la dicha hermandad que dicho tiene que a mucho tiempo son muertos e no sabe quien tiene sus vienes ni quien los ubo...*" . RODRIGUEZ GONZALEZ; A.: Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños" II.

Outra testemuña deste feito témola no, referido anteriormente, Alfonso Cao, que declara: "*...dichos pueblos y gentes comunes del se levantaron contra los dichos caballeros para tomarles dichas fortalezas (...) tomaron e derribaron muchas en especial dize que vido que derrocaron la fortaleza (...) de Nario (...) que eran de Diego d'Andrade (...) las dichas hermandades se llebantaron e derrocaron las dichas fortalezas dize este dicho testigo que se dezia y el dicho testigo oio dezir por publico y notorio e hera ansi la publica boz e fama que aquello que azian hera por mandamiento del rey don Enrrique que al tiempo reinaba y por su servicio y por el bien y sosiego del Reino e por quitar los malfechores que no se acogiesen en las dichas fortalezas donde salian a los azer e dize este dicho testigo que al dicho tiempo que las dichas hermandades derroco las dichas fortalezas a los dichos caballeros y señores del dicho Reino...*". RODRÍGUEZ GONZÁLEZ; A.: Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños" II.

[53] LÓPEZ CARREIRA; A. : A Revolución Irmandiña.

cos seus vasalos, que xa anos antes dera lugar a outra revolta irmandiña.

Os irmandiños atacan tódalas fortalezas de Fernán Pérez en busca dos bandidos que os tiñan asoballados, basándose na IV disposición do Regulamento da Irmandade de Concellos galegos e casteláns, onde se establecía que se un ladrón se acollese na casa dun nobre, lle fosen confiscados bens por valor do roubado e, se non, que se derribase a fortaleza na que se amparaba[54]. O Castelo de Narahío é tomado polos irmandiños, e, en aplicación desta IV disposición, é derrubado.



Ataque a un castelo

O derrubamento do castelo non é doado. Namentras outras fortificacións son minadas[55], o Castelo de Narahío ten que ser derrubado pedra a pedra dende a súa parte superior ata a inferior.

Este é o triunfo dos irmandiños, que liberan a Galicia do xugo feudal, destruindo as construccións máis representativas do seu poder.

Todo o país queda en máns dos irmandiños que son os encargados de repartir a xustiza, ás veces moi dura[56], e de manter a legalidade real, pois as posesións reais non foron tocadas, nin as posesións dos nobres afíns ó rei e que apoiaban o levantamento irmandiño. Ademáis, restauraron a legalidade anterior devolvendo o patrimonio roubado polos nobres ós seus lexítimos propietarios.

Esta é a situación de Galicia ata o ano 1.469. No ano de 1.468, de novo ocorre un feito que vai cambia-lo curso dos acontecementos, e, de novo ten que ver co rei, só que desta vez a sorte xoga en contra dos irmandiños. O día 5 de Xullo de 1.468 morre o aspirante ó trono de Castela, Don Alfonso, e o día 19 de Septembro prodúcese o acordo dos "Toros de Guisando", no que se acepta a situación actual do rei a

[54] Unha das testemuñas que xa vimos antes, o labrador Alfonso Cao, noutra parte da súa declaración di: "*...que por los dichos males que resçibian de los dichos malfechores y de las fortalezas donde se acogian los dichos pueblos y gentes comunes del se levantaron contra los dichos caballeros para tomarles las dichas fortalezas porque dize que despues que fueron contra ellos les tomaron e derribaron muchas...*". RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños". Véxase tamén, LÓPEZ CARREIRA; A.: A Revolución Irmandiña.

[55] Os irmandiños, para derruba-los castelos, cavaban por debaixo das fortificacións uns tuneis que apuntalaban con madeira. Logo prendianlle lume e todo a construcción se viña abaixo. Este era o proceso de minado, o cal foi imposible de aplicar no Castelo de Narahío.

[56] Unha proba da súa dureza témola no seguinte apuntamento: "... *E dize este dicho testigo que (la Hermandad) azia mucha justiçia e que un vizcaino por una pescada que tomara a una pescadera en el villar de la çiudad de Santiago, la dicha pescadera gela pidiera y porque el dicho vizcaino dixera que no se daba nada por la hermandad, los alcaldes de la dicha hermandad lo asaetearon a par del monasterio de Sancto Domingo de la dicha çiudadad en un freixo que alli estaba y el testigo lo vio ansi asaetear.*" GALICIA HISTORIA. GALICIA EN LA ÉPOCA MEDIEVAL.

cambio de que o trono sexa herdado por Isabel, a irmán do rei e non pola súa filla Xoana.

Ante este novo feito, os nobres reorganízanse e alíanse para facer fronte á sublevación irmandiña. Quen da o primeiro paso é Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga), que apoiado por outros nobres e soldados galegos, portugueses e casteláns inicia a contraofensiva dende Portugal. Outros nobres atacan dende Castela co apoio do rei para acabar cos irmandiños. Así, estes que antes contaron co favor real, agora son abandonados á súa sorte. Tras varios meses de guerra, os nobres gañan e recuperan o seu poder.

Unha das zonas que resiste ata o final son as terras do Andrade, onde Alonso de Lanzós fai fronte ós señores. Fernán Pérez de Andrade non se atreve a entablar batalla cos irmandiños e será Pedro Álvarez de Soutomaior o que teña que axudar ós exercitos do Andrade. O de Lanzós resiste ata última hora e os señores son incapaces de entrar en Pontedeume, pero vendo a situación tan delicada na que se atopaba, o fidalgo decide abandonar a cidade deixándoa en mans do Arcebispo de Santiago de Compostela[57]. Isto vai crear un grande problema para o Andrade xa que el nunca verá recuperado para o seu patrimonio esta vila, aínda que si o conseguirá o seu fillo.

Como se ve os vasalos da casa de Andrade gardaban un grande resentimento contra o seu señor é de supoñer que no caso de Narahío non sería menos, xa que, por riba tiñan que aturar as arbitrariedades dos gobernantes do castelo que se atopaba na súa xurisicción.

5.3.2. Testemuñas do derrubamento e posterior reconstrucción do Castelo.

Como sucedera coa anterior guerra irmandiña, tra-la derrota veu a represión. Neste caso, a represión exercíase moitas veces no propio campo de batalla onde os exércitos dos nobres mataban tódolos irmandiños que podían. Os que sobrevivían eran sometidos a xuizos sumarísimos no lugar da loita onde inmediatamente eran axusticiados. A represión foi brutal pero limitada, xa que estamos nunha época de recesión poboacional e os nobres necesitan ós campesiños para que cultiven as súas terras e lles paguen impostos para eles vivir ben[58]. Os señores unha vez vencida a Irmandade intentarán pedir contas ós lideres do levantamento (aínda que ó ser fidalgos son nobres e polo tanto saen máis ou menos impunes) e obrigarán ós seus campesiños a levanta-las fortalezas derrubadas.

Alonso de Lanzós, o fidalgo que dirixíu a revolta nas posesións dos Andrade, conseguiu fuxir co apoio real e do Arcebispo de Santiago e viviu durante longo tempo na cidade de A Coruña. A súa popularidade entre a poboación vai ser aproveitada por

[57] LÓPEZ CARREIRA; A. : A Revolución Irmandiña.

[58] Así, o Mariscal Pardo de Cela recomenda ó Conde de Lemos que encha os carballos de vasalos, ó cal o Conde de Lemos resposta que él non se había manter dos carballos. LÓPEZ CARREIRA, A.: A Revolución Irmandiña.

algúns nobres para facer frente a Casa de Andrade. Pero, finalmente, foi apresado por Fernán Pérez Parragués que llo entregou ó seu señor, Fernán Pérez de Andrade, que o mantivo encarceado ata a súa morte.

Os campesiños sufriron a represión nas súas propias carnes dunha forma diferente, xa que foron obrigados por Diego de Andrade (fillo e herdeiro de Fernán Pérez de Andrade) a reconstrui-los seus castelos. Tódolos seus vasalos tiveron que traballar nas súas fortalezas e además paga-los gastos que a súa reconstrucción supoñía, xa que os oficiais e expertos constructores viñeron dende Euzkadi. Os vasalos que se negaban a cumprir esta imposición eran castigados con multas, embargos ou, o que era máis normal, co seu peche nun cárcere.

Todo isto tamén o tiveron que sufri-los veciños de Narahío, xa que, Diego de Andrade, obrigounos a qué lle reconstruiran o castelo que lle derrubaron. Proba disto, témola no pleito Tabera-Fonseca[59] onde declaran campesiños que participaron na súa reconstrucción. Vexamos algunha:

PEDRO DA CANCELA, labrego e veciño de Santiago de Franza afirma na súa testemuña que aparece no pleito que "*...dize el testigo que derrocaron a Fernan Perez d'Andrade (...) las fortalezas de (...) Nario (...) bido que Diego d'Andrade, hijo del dicho Fernan Perez d'Andrade porque dize quel dicho Fernan Perez se fallesçiera en aquel comedio fiziera llevantar y rehedificar las dichas fortalezas como hestavan de primero a los basallos del dicho Diego d'Andrade y personas de la dicha tierra donde las dichas fortalezas heran sitas porque las bido serbir a los dichos castillos y personas susodichas las cosas neçesarias al reparo e rehedificacion de las dichas fortalezas y palacios ansi de piedra, madera y las cosas necesarias y que demas desto repartian por la tierra a los dichos vezinos y personas susodichas contias de maravedis para pagar a los oficiales que las labravan, no sabe el testigo que tantas cuantias fueron repartidas salvo que, como dicho tiene, todos pagaban y este dicho testigo bino a servir y a pagar tanbien con los otros lo que le fuera repartido.*" [60]

Reconstrucción dun castelo

[59] O pleito Tabera-Fonseca entablouse sesenta anos despois da Revolta Irmandiña entre o Arcebispo de Santiago, Tabera, e o sainte, Fonseca, pola reconstrucción das fortalezas destruidas durante a rebelión.

[60] RODRIGUEZ GONZÁLEZ; A.: Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños I.

PEDRO DAÑIDO, labrego que vivía en Pontedeume di que "*...vido derrocadas las fortalezas de Nario (...) que eran de Fernan Perez de Andrade, las cuales derrocaron la hermandad, (...) vido que Diego Perez de Andrade porque ya su padre era muerto, hiziera llevantar y rehedificar dichas fortalezas (...) e Nario que ansi le fueron derrocadas como dicho tiene, a los basallos e subditos de las dichas fortalezas (...) los cuales bido el dicho testigo que trabaxavan en ellas carretando piedra, madera e barro e otras cosas necesarias a la rehedificacion de las dichas fortalezas e que demas de lo susodicho los dichos vezinos y basallos susodichos se igualaran, conçertaran e hizieran iguala con un Roy Miguez, maestro que azia las dichas fortalezas de lo que le abian de dar por las hacer como agora estan e dize el testigo que ellos le pagaran las igualas que con ellos hiziera y lo que costaran allebantar.*" [61]

RUY DE SAN BOULO, veciño da feligresía de San Boulo, no coto de Caabeiro afirma na sua testemuña que veu "*...que las comunidades pasadas derrocaron las fortalezas de Nario (...) que eran de Fernan Perez de Andrade e bido que despues de derrocadas las dichas fortalezas dize que vido quel dicho Fernan Perez de Andrade e Diego de Andrade, su hijo, las hizieron tornar a llevantar e rehedificar a los vezinos de las tierras dellas (...) dize el dicho testigo que les bido servir en ellas de todas las cosas neçesarias a la rehedificacion dellas e que demas desto dize el testigo que bido que repartian e mandaban repartir por los dichos vecinos e personas susodichas contias de marabedis para pagar a los ofiçiales que trabajaban en la rehedificacion y llebantamiento de las dichas fortalezas porquel dicho testigo dize que tanbien demas de serbir como dicho tiene pago lo que le fuere repartido para lo susodicho como los otros (...).*" [62]

JUAN DE GIASEN, labrego da feligresía de Santiago de Caabeiro di que "*...bido que las comunidades pasadas derrocaron las fortalezas de Nario (...) que eran de Fernan Perez de Andrade, las cuales como dicho tiene bido derrocar y despues de derrocadas dize el testigo que bido quel dicho Fernan Perez de Andrade e Diego de Andrade, su hijo, las tornaron a rehedificar y llebantar otra bez a costa de los basallos y vezinos de las dichas fortalezas yendo a trabaxar en ellas e serbir de todo lo neçesario al llebantamiento de todas las dichas fortalezas e quel dicho testigo fue a trabaxar en la fortaleza de Naraio donde el dicho testigo bibe y era subdito (...) e demas del dicho serbiçio dize el testigo que pagavan todos ellos para pagar a los maestros e ofiçiales que en ellas trabaxaban los quales repartian a cada uno y el que no pagava el dicho repartimiento lo penoraban por ello, porque dize el testigo quel no pagara tan ayna lo que le fuera repartido y que le penoraran una capa por ello hasta quel dicho testigo ubo de pagar e que ansi las llebantaron e corrigieron como agora estan e que si estan mejor que de primero antes que fuesen derocadas quel dicho testigo diçe que no lo save.*" [63]

JUAN DE COUTO, labrego que vive en San Martiño de Andrade na sua testemuña explica que "*...vido que las dichas comunidades y hermandades pasadas de que derrocaron las fortalezas de este Reino vido que derrocaron la fortaleza de (...) Nario que*

[61] Ob. Cit.
[62] Ob.Cit.
[63] Ob. Cit.

eran del dicho Fernan Perez de Andrade estar derrocadas, las cuales fue público y notorio que las derrocaran las hermandades pasada e despues de asi derrocadas las dichas fortalezas, dize el dicho testigo que vido quel dicho Fernan Perez de Andrade e su hijo Diego de Andrade hizieron llevantar y rehedificar otra bez la dicha fortaleza (...) e que despues vido ansimismo llebantadas las fortalezas de (...) Nario e oio dezir publicamente por muy publico e notorio por las tierras y comarcas dellas que las llebantaran los mismos basallos e vezinos dellas a sus costas (...)." [64]

PEDRO DOS FOJOS, labrego de Santa María de Cabalar fai a seguinte testemuña onde afirma que veu que o castelo de "*...Nario que eran de Fernan Perez de Andrade, derrocadas las quales vido que las derroco la hermandad pasada y la gente de la tierra que con la dicha hermandad andaba e ansi derrocadas dize el dicho testigo que vido quel dicho Fernan Perez de Andrade e su hijo Diego d'Andrade las hizieron tornar a llebantar e rehedificar a los dichos basallos della y gente de la tierra que fueran en el dicho derrocamiento dellas, las cuales las llebantaron a sus costas andando serbiendo en ellas en las cosas neçesarias que para el tal rehedificamiento e reparo dellas heran necesario e todo a sus costas e que demas del dicho serbiçio dize el dicho testigo que se repartieron entre ellos contias de maravedis para pagar a los maestros y oficiales que en ella trabajaban e las hazian e para toda la costa e que ansi pagaron los dichos marabedis todos a quien fueron repartidos porquel dicho testigo dize quel mismo fue a servir con su persona e con sus bueis y carro a la fortaleza de Nario donde el dicho testigo bibe e de cuya jurisdiçion hera e otros a las otras que dicho tiene e demas desto pago lo que le fuera repartido por los dichos maestros e eficiales que las hazian como los otros.*" [65]



Acarreo de leña

[64] Ob. Cit.
[65] Ob. Cit.

JUAN GALLEGO DE TEIXEIRA, que vive en Santiago de Caabeiro explica "*...vido derrocadas las fortalezas de (...) Nario que eran de Don Fernando de Andrade(...), dize el dicho testigo que vido que fue en el derrocamiento dellas su padre deste dicho testigo que se llamaba Alonso Gallego e otros de las dichas tierras, (...) vido el testigo quel dicho Fernan Peres de Andrade e Diego de Andrade, su hijo, las hizieran tornar a llebantar y llebantaran e los ditos basallos, personas e gente comun que fueran de las dichas tierras en las derrocar a sus costas e misiones porquel dicho testigo vido que iban a serbir a las dichas fortalezas e carretar las cosas nesçesarias al reparo e llebantamiento dellas hespeçialmente de las fortalezas de Nario (...) donde este testigo hes vezino comarcano, (...) e que los sobredichos vezinos e personas susodichas dezian que las llebantaran a sus costas e que las dichas fortalezas de Nario (...) el testigo las vido llebantar como dicho tiene porque él mismo fue en las ayudar a llebantar e vido que pagavan todos los dichos vezinos e gente comun como dicho tiene arriba los marabedis que se abian de pagar e pagaran a los oficiales e maestros que las azian llebantaban porquel dicho testigo pago tanbien lo que le fue repartido para ellas como los otros y quel que no pagase lo peñoraban e le azian que pagasen lo que les hera repatida.*" [66]

GARCIA MEXIA, este escudeiro de Curtis da unha testemuña que nun primeiro momento parece contradeci-las anteriores, pero máis tarde ven a reafirmar o que anteriormente dixeron outros, decindo "*...quel dicho testigo no save de ninguna fortaleza que obiese sido derrocada en el dicho tiempo de las hermandades que despues obiese sido tornada a rehedificar por las gentes de la dicha hermandad que las abia derrocado si no los mismos caballeros que las fazian a su costa e mision (...) e Diego de Andrade el castillo (...) de Nario (...) queste testigo dize que al dicho tiempo que las fizieran llevantar hera paje del dicho Diego d'Andrade e lo bio asi pasar eçepto que bido que sus basallos con la serbentia y con lo que les mandaban ayudaban e sino lo hazian les tomaban los bois e los echaban presos en los suetanos de las fortalezas hasta que lo fazian.*" [67]

Esta testemuñas mostránnos o papel importante que o Castelo de Narahío xogou na época como órgano de represión das clases populares, que a súa carraxe levou a derrubar. Diego de Andrade, afirmaba que él non quería ningún tipo de vinganza, que o único que quería era que lle volveran a levantar as fortalezas que lle derrubaran[68], pero o que realmente estaba facendo era vingarse polas afrentas que os campesiños lle fixeran e reconstruindo o cárcere no cal prendia ós seus vasalos.

Por outro lado, atopámonos nunha época na cal as novas armas de fogo e novas técnicas de combate fan inservibles os castelos e, aínda así, os nobres obrigan a reconstruílos. No caso do Castelo de Narahío, volveu a converterse no punto de represión e de administración da xurisdicción de Narahío.

[66] Ob. Cit.

[67] Ob. Cit.

[68] Isto mesmo afirma un veciño de Pontedeume, chamado Pedro Dañido, que declarou no Pleito Tabera – Fonseca, o cal di: "*...bido que Diego Pérez de Andrade porque ya su padre era muerto, hiziera llebantar y rehedificar las dichas fortalezas de (...) Nario que ansi le fueran derrocadas como dicho tiene, a los subditos de las dichas fortalezas e de algunas abadias del derredor que heran subditos a las dichas fortalezas e que dezia el dicho Diego de Andrade que no queria dellos otra bengança sino pues que los derrocaran hazercelas hazer llebantar, ...*". Rodríguez González, A.: Las Fortalezas de la Mitra Compostelana y los "Irmandiños" I.

Poucos anos máis, comparados coa súa longa historia, permaneceu o castelo habitado. Segundo datos históricos, parece ser que no ano 1.603 [69] xa non vivía ninguén nel. Non se pode asegurar que fose neste ano cando o deixaron abandoado, pois, pode ser que incluso fose bastante antes. A partir do reinado dos Reis Católicos a expansión castelá cara o exterior provocou que non fosen necesarias estas construccións defensivas no interior dos reinos. Tamén, como xa comentamos, coas novas armas a defensa que proporcionaba un castelo era nula. Pouco a pouco, a grande importancia e influencia de Narahío na historia foise perdendo, ata pasar totalmente desapercibido e ser ignorado.

[69] COUCEIRO FREIJOMIL; A.:Historia de Puentedeume y su Comarca.